
O Parque Tecnológico de Galicia lanza a iniciativa Canal Empresas Galicia

- Actualizado (12.09.2005)

O Parque Tecnológico de Galicia pon en marcha a partir de hoxe unha experiencia pioneira en Galicia en canto a comunicación empresarial a través de Internet. Trátase do Canal Empresas Galicia, que será o primeiro canal temático galego, no que se incluírán contidos de carácter económico, empresarial e tecnolóxico que serán actualizados diariamente para contribuír á inmediatez e dinamización que require a comunicación no ámbito empresarial.

Cun atractivo deseño, baseado na orixinalidade e sinxeleza das súas imaxes, o canal pode consultarse a través da páxina web do Parque Tecnológico, http://www.ptg.es/canal_empresas

Inclúe seccións de novas de actualidade, reportaxes e resumos de prensa, ademais de información bursatil, biblioteca virtual e entrevistas e flashes informativos.